



RESOLUCIÓN DE 04 DE SETEMBRO DE 2020 DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA POLA QUE SE MODIFICA A DO 28 DE ABRIL DE 2020 E SE PROCEDE Á COBERTURA DE DÚAS PRAZAS VACANTES NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE RIANXO.

## ANTECEDENTES

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 aprobou o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019 e de conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación de moluscos bivalvos a pé da confraría de pescadores de Rianxo (en diante confraría) en autorización para o ano 2019 indicábase:

*“**Participantes:** O número de mariscadores máximo mantense en 145. De acordo co proceso de renovación de permiso para 2019, o número de permisos potenciais autorizados é de 134. Acceptase o incremento de 15 permisos ata chegar ao máximo establecido, así como a cobertura de vacantes que se produza durante a vixencia do plan.*

*En canto á relación de participantes, terase en conta o disposto na proposta da xefatura territorial.”*

No proceso de renovación para o 2019 foron 130 o número de permisos renovados, polo que nese intre existían quince (15) prazas por cubrir ata acadar a cifra máxima fixada pola entidade en 145 permisos de explotación para o 2019.

2. Por resolución do 07.02.2019 desta xefatura territorial, convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Rianxo. Neste proceso convocáronse 15 prazas, 14 a través dunha quenda xeral e unha por quenda especial.

3. O 19.06.2019, esta xefatura territorial emitiu unha resolución pola que se publicaba a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no antedito proceso selectivo e abríase un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da dita resolución, para a presentación de documentación. Transcorrido este prazo 1 das persoas seleccionadas non cumpriu cos requisitos para a obtención do permiso de explotación, denegándose a súa solicitude mediante a resolución do 02.12.2019.

4. O 26.12.2019, esta xefatura territorial declarou vacante unha (1) das quince (15) prazas convocadas pola resolución do 07.02.2019.

5. O número de permisos de explotación a pé renovados para o 2020 na confraría foi de 130 polo que existían 15 prazas por cubrir ata acadar o número máximo fixado no plan de explotación en 145.

6. En relación ao punto anterior, o 04.03.2020 esta xefatura territorial remitiu por correo electrónico unha proposta á confraría para iniciar o proceso de cobertura das prazas mencionadas mediante a lista de reserva correspondente, outorgándolles un prazo de 3 días hábiles para que presentasen





as observacións que considerasen oportunas.

7. O 05.03.2020 a confraría contestou á proposta desta xefatura territorial indicando que:

*“A AGRUPACIÓN DE MARISCADORES/AS A PÉ en reunión de asemblea xeral, entre outros acordou, que as prazas por cubrir ata acadar o número máximo fixado de 145, se realizará a través dunha NOVA CONVOCATORIA DE PRAZAS, deixando sen efecto a lista de reserva de prazas da último proceso selectivo, vixente na actualidade.*

*Este acordo xunto cos outros adoptados nesa asemblea, están pendentes de presentar coas adaptacións de medidas ao plan de xestión de marisqueo a pé, a través da sede electrónica”*

8. O 28.04.2020 esta xefatura territorial emitiu resolución pola que se procedía á cobertura de 15 prazas vacantes na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría mediante a lista de reserva, outorgándolles ás persoas seleccionadas un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da dita resolución, para a presentación de documentación. Transcorrido este prazo 2 das persoas seleccionadas non presentaron documentación algunha, pasando a declararse desistidas na presente resolución.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O plan de explotación de moluscos bivalvos a pé en autorización da confraría de pescadores de Rianxo (PE403A 2018/23-1) aprobouse para 2019 mediante a Orde de 20 de decembro de 2018 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019.

2. De acordo co punto 1 da disposición transitoria primeira do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, o dito plan prorrogase ata o 31.12.2020.

3. A Agrupación de mariscadores/as a pé da confraría de pescadores de Rianxo non é competente para deixar sen efecto a lista de reserva de prazas do último proceso selectivo. O artigo 17.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, establece:

*“Cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a xefatura territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.”*

4. O punto 4 da Circular MA-03-2019 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, sobre as adaptacións de medidas nos plans de xestión de marisqueo, establece que o número máximo de participantes dos plans prorrogados será a referencia para o incremento de participantes para o ano 2020 por parte da Xefatura Territorial.

5. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira –modificado polos Decretos 114/2007, de 31 de maio, e 48/2013, do 7 de marzo- establece nos capítulos I e III as disposicións xerais que rexen os permisos de explotación e os requisitos para a obtención do permiso de explotación para marisqueo a pé.

6. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, nos seus artigos 6º e 7º regula o procedemento administrativo a seguir nos procesos de selección para ter acceso ao permiso de explotación para o marisqueo a pé, así como a constitución e emprego de listas de reserva en ditos procesos selectivos.

7. A resolución do 19.06.2019 pola que se publica a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva na confraría, e se abre o prazo para a presentación de





documentación, recolle no seu apartado 2º o establecido no artigo 7º.6 da Orde 15 de xullo de 2011, indicando que:

*" A relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do proceso selectivo, constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución da xefatura territorial."*

Esta resolución tamén establece no seu apartado 3º que:

*"As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude."*

*Neste suposto, emitírase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva polo desestímulo das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos."*

8. Tendo en conta que entre o 14.03.2020 e o 01.06.2020 os prazos administrativos estiveron suspendidos de acordo co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as prórrogas do mesmo, a lista de reserva resultante do proceso selectivo realizado en 2019 continúa vixente.

De acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

## RESOLVE:

1. Declarar desistidas das súas solicitudes, en relación á resolución do 28.04.2020 desta xefatura territorial pola que resultaron seleccionadas para a obtención do permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Rianxo, ás persoas que se indican a continuación:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	NIF
VITURRO	MUÑIZ	MARIA MAGDALENA	*** 8303 **
FIGUEIRA	ORDÓÑEZ	MANUEL	*** 1415 **

2. Proceder á cobertura de 2 prazas vacantes na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Rianxo mediante o emprego da lista de reserva. O listado cos/as aspirantes seleccionados/as e os/as non seleccionados/as ven recollido no anexo desta resolución.

As persoas aspirantes seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para presentar no rexistro da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria de 07.02.2019 e que a continuación se relaciona:

a) Certificado de estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia.

A documentación que acredita estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia non será necesario que se presente no caso de consentimento expreso da persoa interesada, para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de





acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptora da renda de integración social de Galicia.

Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

d) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

Se a persoa é perceptora da renda de integración social de Galicia, deberá renunciar a ela no momento da concesión do permiso de explotación.

Se dentro do prazo fixado algunha persoa aspirante non presentara a documentación ou do exame dela se deducira que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 do anexo A da convocatoria de 07.02.2019, entenderase que desiste da súa solicitude.

No caso contemplado no parágrafo anterior, emitirase unha nova resolución modificando esta, na que se indicará a persoa aspirante seleccionada polo desestimento da persoa que non presentou a documentación ou carece dos requisitos, outorgando un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da nova resolución, para achegar a documentación que figura na base 3. da convocatoria de 07.02.2019.

Para obter o permiso de explotación de marisqueo a pé, a persoa seleccionada deberá:

- a) Estar en posesión do certificado de mariscador.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira, así como no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Rianxo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Rianxo consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O xefe territorial

Por delegación de funcións (Resolución do 06.11.2019)

A xefa do Servizo de Recursos Mariños

Por delegación de sinatura (Resolución do 25.11.2019)

A xefa de servizo de Competitividade e Innovación Tecnolóxica

Beatriz Alonso de la Iglesia





## I-RIANXO: RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS-SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS-OBTENCIÓN PERMISO MARISQUEO A PÉ (continúa)

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
RODRIGUEZ	VICENTE	MIGUEL	* * * 6707 * *	<b>6,05</b>	1,75	0,00	0,30	4
FRANCO	ARGIBAY	MARIA DE LOS REYES	* * * 7185 * *	<b>6,00</b>	3,00	2,80	0,30	0
<b>LISTA DE RESERVA</b>								
SANTAMARIA	PEREZ	MARIA INMACULADA	* * * 5821 * *	<b>5,75</b>	1,75	0,00	0,00	4
TUBIO	PIÑEIRO	JOSE	* * * 3723 * *	<b>5,70</b>	1,00	0,40	0,30	4
VAZQUEZ	OZORES	LUIS ANTONIO	* * * 7814 * *	<b>5,15</b>	0,75	0,40	0,00	4
SOUTO	VILAS	CARLOS	* * * 6116 * *	<b>5,10</b>	0,00	0,60	0,50	4
MUÑIZ	POUSO	ANGEL	* * * 9890 * *	<b>4,75</b>	1,75	2,80	0,30	0
SUAREZ	ROMERO	HIGINIO MANUEL	* * * 5270 * *	<b>4,70</b>	0,00	0,40	0,30	4
SANCHEZ	DOMINGUEZ	PATRICIA	* * * 8189 * *	<b>4,50</b>	0,00	0,00	0,50	4
VAZQUEZ	FERREIROS	PAULA	* * * 0061 * *	<b>4,50</b>	0,00	0,00	0,50	4
ABUIN	GEY	MARIA ENCARNACION	* * * 6935 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
CASAL	RODRIGUEZ	MARIA ISABEL	* * * 7759 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
CASTRO	GONZALEZ	FELIX	* * * 8049 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
CASTRO	PARADA	SERGIO	* * * 3519 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
FABEIRO	OUTEIRAL	CLAUDIO	* * * 8060 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
GONZALEZ	LOPEZ	JORGE	* * * 8837 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
NOVAS	CEBREIRO	RICARDO	* * * 8319 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
SOMOZA	MIGUENS	MARIA TRINIDAD	* * * 8504 * *	<b>4,30</b>	0,00	0,00	0,30	4
MUÑIZ	POUSO	ASIER	* * * 9890 * *	<b>4,05</b>	1,75	2,00	0,30	0
ABUIN	ABUIN	SAMUEL	* * * 2583 * *	<b>4,00</b>	0,00	0,00	0,00	4
ARCOS	PEDROSA	PEDRO	* * * 3299 * *	<b>4,00</b>	0,00	0,00	0,00	4
COLLAZO	MARIÑO	HERMES	* * * 8885 * *	<b>4,00</b>	0,00	0,00	0,00	4
GONZALEZ	REBOIRAS	VICENTA	* * * 1396 * *	<b>4,00</b>	0,00	0,00	0,00	4
LAPIDO	IGLESIAS	RAUL	* * * 9806 * *	<b>4,00</b>	0,00	0,00	0,00	4





## I.- RIANXO – RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS–SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS-OBTENCIÓN PERMISO MARISQUEO A PÉ

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
RIAL	SABORIDO	JOSE DIEGO	* * * 3565 * *	<b>4,00</b>	0,00	0,00	0,00	4
SUAREZ	TUÑEZ	JOSE MARIA	* * * 0851 * *	<b>4,00</b>	0,00	0,00	0,00	4
VITURRO	MARTINEZ	JOSE JAVIER	* * * 5227 * *	<b>3,70</b>	3,00	0,40	0,30	0
CAEIRO	SOMOZA	HERMINIA	* * * 5653 * *	<b>3,00</b>	0,00	3,50	0,30	0
FIGUEIRIDO	FARIÑA	ANGEL	* * * 1645 * *	<b>2,05</b>	1,75	0,00	0,30	0
GARCIA	TOME	ROBERTO	* * * 3630 * *	<b>1,15</b>	0,25	0,60	0,30	0
CASTELLUCI	VERA	DANIELA ROMINA	* * * 1797 * *	<b>0,50</b>	0,00	0,00	0,50	0
RODRIGUEZ	CESPON	VICTOR	* * * 6983 * *	<b>0,30</b>	0,00	0,00	0,30	0

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total.
- **PARO**: tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **FORMACIÓN**:
  - 2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas)**:  
Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 07.02.2019 do xefe territorial da consellería do

Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

**2.b TITULACIÓN ACADÉMICA**: Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGafa, engadiráselles 1 punto.

**A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos**

**PADRÓN**: Por estar empadroadado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: **4 puntos**.

## II.- RIANXO.- LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	CAUSA DA EXCLUSIÓN
VITURRO	MUÑIZ	MARIA MAGDALENA	* * * 8303 * *	Desestimento por non entregar a documentación
FIGUEIRA	ORDÓÑEZ	MANUEL	* * * 1415 * *	Desestimento por non entregar a documentación

